

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE MAIO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catorce de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 30 de abril de 2014.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e apertura dun taller de reparación de vehículos automóbiles na rama de electricidade e electrónica na rúa Madreselva, número 7, baixo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma estrutural e acondicionamento de planta baixa e soto 1º, para ximnasio en edificio con licenza número 1113/06, na avda. Reverendo Xosé Fernández Núñez, número 10 e para demolición da edificación de planta baixa e baixo cuberta, sita na rúa Armórica, número 124.

Acórdase a denegación de licenza para cambio do uso comercial a do garaxe, na planta baixa do edificio con licenza número 625/71, sito na rúa Otero Pedraio, número 50.

2. XESTIÓN.- Acórdase a declaración de ruína urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 4 da praza Anxo Fernández Gómez.

3. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórdase a resolución do expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 51/12, feita con data do 26 de marzo de 2012 das construcións sitas en Santa María de Bóveda, número 44,Barbaín, con uso principal residencial.

| | | | |
|--|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 16/05/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | H11IYsckaxCovSJt1Tf7Tw== | PÁGINA 1/3 |
|  H11IYsckaxCovSJt1Tf7Tw== | | | |

Tamén se acorda a resolución do expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 63/12, feita con data do 2 de abril de 2012, das construcións sitas na rúa Fisterra, s/n, con uso principal residencial.

Así mesmo, acórdase a resolución do expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 88/12, feita con data do 17 de abril de 2012, das construcións sitas no camiño do Muíño, número 24, Santo André de Castro-Conturiz, con uso principal residencial.

Do mesmo xeito, acórdase a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 45/12, feita da edificación sita na rúa da Herba, número 25, con uso principal residencia.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a autorización de servizos extraordinarios a persoal de Protocolo e a súa forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a concesión da autorización especial do dominio público para a instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedeiros nos edificios e instalacións municipais.

Tamén se acorda a prorroga de contrato de construción dun edificio destinado a novas tecnoloxías. fase 1ª.


Así mesmo, acórdase a prórroga do polo prazo dun ano contado con efectos retroactivos, dende o 8 de marzo de 2014 ao 7 de marzo de 2015, do contrato administrativo correspondente ao servizo de mantemento das aplicacións do sistema integral de xestión municipal.

Acórdase a revisión de prezos para o período que vai dende o 7 de decembro de 2013 ata o 6 de decembro de 2014 do contrato suscrito coa adjudicataria do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Lugo.

6. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza de primeira utilización para instalación de ascensor en edificio sito na rúa Nazario Abel, 81-83.

Código Seguro de verificación:H11IYsckaxCovSJt1Tf7Tw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 16/05/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | H11IYsckaxCovSJt1Tf7Tw== | PÁGINA 2/3 |


H11IYsckaxCovSJt1Tf7Tw==

Acórdase aprobar a solicitude formulada na que insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para construción dunha pérgola no exterior da edificación sita na avda. Afonso X O Sabio, 34.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:H11IYsckaxCovSJt1Tf7Tw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 16/05/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | H11IYsckaxCovSJt1Tf7Tw== | PÁGINA 3/3 |



H11IYsckaxCovSJt1Tf7Tw==